


Núm 111

Tomo 10

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Santo Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 8'00 pesetas.

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foron directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Foro da Península 8'00 .

Número solto 0'70 .

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

ROMANCE DO PAXIÑO LOIRO, por XOSÉ LUIS PARENTE.

A FIREXA DE SANTA MARIA DE VIVEIRO, por LUÍS TOBÍO FERNÁNDREZ.

NOTAS FRA UN QUESTIONARIO DE ETNOGRAFÍA.—EMBARCACIONES, por XAQUÍN LORENZO FERNÁNDREZ prólogo de VICENTE RISCO.

DA ALEMÁNA, por VICENTE RISCO (proseguimento).

OS HOMES, OS PEITOS, AS VERBAS, pol-a REDAUCIÓN.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Transmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Santo Domingo, 47-2º

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV



Ourense 15 de Marzo do 1933



Núm. 111

ROMANCE DO PAXIÑO LOIRO

Por Xosé Luis PARENTE.

Baixaba o Conde Don Sancho
da terra de Manzaneda,
baixaba como decote,
pasear pol-a riveira.

Era Don Sancho de Nóvoa
frol da nobreza galega:
era fidalgo na casta
i-era fidalgo na ideia.

Ferviall'a sangre moza
na valente natureza
e cavilab'aventuras
de amor, de cruz e de guerra.

Traguía á un cabalo branco
como a i-alma das folerpas
i-un vello falcón amigo
apoleirado na esquerda.

Ó pasar pol-a fontana,
na fontana unha doncela
tiña nos ollos a noite
i-o dia na cabeleira.

En véndoa o Conde galán
tiroull'ó cabalo a renda
e detívose miránda
caravel de madreselva,
tan fina, tan delicada,
tan natural, tan sinxela
e baixouse pra falarlle
e falou d'esta maneira:

—Dam'a i-auga d'esa fonte
que cobizo de bebela;

déixame calmar a sede
nas túas maus marfileiras.

—Túa é a fonte, Señor,
túa é a fonte i-a sella;
teu é todo, todos somos,
as persoas i-as facendas.

O nobre quixo esquençelo
e puxo a vida nas verbas:

—Ougallá que fose miña
a tua i-alma de nena.
Baixó os ollos a moza,
púxose branca e bermella;
a parola fixo casa
i-o amor entró por ela
O falcón, o vello amigo,
cando queceu a conversa
sintiuse soio e fuxiu
pol-a penumbra azulenta...
Esnugallábase o Sol
parpadexando na serra
cando entre mil xuramentos
se despedía a parexa.

Por ser vilana e fidalgo
tiveron boda sagreda
e d'entón vias'o Conde
de noite pol-as carreiras
e pol-o dia asomado
desde a outura das almeas
pousando os ollos amantes
na doce calma d'aldea.

Unha mañán ben cediño
entr'a ledicia abrileira
ouius'o choro d'un neno
n'unha casiña pequena.

Foi un Sol o rapazón,
forte com'as carballeiras,
garrido como Don Sancho,
belido como a doncela
que deu a cunca da mau
pr'o Conde beber por ela.

Medróu, entróu no castelo,
vistiu de liño e de seda
e deprendéu á trovar
canzós de amor da Proensa...

As Fidalguiñas sorrian
e tiñan frois e cireixas
pr'o paxiño de Don Sancho
o da loira cabeleira.....
ón d'iba il más de gana
er'o castelo da Pena.

Rube o Conde d'a cabalo
por corredoiras estreitas:
deatrás da torre más outa
sai unha lúa bermella
i-a mirada da curuxa
ten unhas luces sinestras...

Non sigas, bo cabaleiro,
frol da nobreza galega,
vólvetecar'o lugar,
non sigas pol a carreira:
a lúa está ensangrentada,
cant'a curuxa n'almea.....

De repente un asubío,
o fungar d'unha sacta,
un berro, un balto, unha sombra,
que fuxe por entr'as xestas...
...i-a timpa sangre do Conde
fai un regato na terra.

(A lúa está ensangrentada,
cant'a curuxa n'almea).

Morreu o Conde Don Sancho,
morreu o gran cabaleiro:
na torre negro estandarte,
n'aldea vestido negro:
as campás i-os curazós
palpitán de sentemento
e baixan presas de bágoas
e ruben nubes d'incenso.

Mal ficades os vasalos,
mal ficades os pecheiros:
morreu o señor fidalgo,
é voso Conde Don Suero:
aquel da torva mirada,
aquel do mal entrecexo.

O paxe, o probe paxiño,
o do loirado cabelo,
escapou despavorido;
foi de castelo en castelo
tañendo a doce viola
e trovando sirventesios...
...Ib'alegrand'outras almas
cando a dil iba morrendo.

Un dia chegou á Pena
e quedouse d'escudeiro
ó pé d'aquela doncela
pra quen rimou n'outro tempo.

Os días iban á más:
ib'a más o sentemento.

Entraba pol-a solana
a frol dós abelaneiros.

Estaba ó pé d'un escano
rimando amor o troveiro
i-a doncela aloumifando
as loiras ondas cos dedos...
...cando n'esto entrou o Conde...
Anubróus'o aposento;
e chorou a donceliña,
e marchouse o escudeiro.

Xurou non voltar á terra
sen armas de cabaleiro
e foi camiño da Francia
con to.d'a i-alma no peito;
i-alistouse nas cruzadas,
e vistiuse de guerreiro,
e loitou como se loita
pol-a dama e pol-o Ceo.

Entrou en Xerusalén
o pirmeiro dos pirmeiros...

Era noite en Terra Santa;
i entre palmeiras i-almendros,
pensaba o paxiño loiro
n aquil recanto galego
e vía ó lonxe petoutos,
un castelo, outro castelo,
un bañándose gozoso
na frol dos avelaneiros;

nas catro esquinas do outro
catro cipreses direitos...

Cando afogaba un suspiro
chegous'él un mensalleiro;
e deull'unha carta longa
que falaba de segredos
e falaba d'amores,
e de queixas, e de celos.
Nombraba moito á Don Sancho,
nombraba moito á Don Suero,
«Un vello viu ó caín
fuxitivo; mais, por medo,
soio na hora da morte
descobriu aquil misterio.»
(Cada palabra que lla
era un trago de veneno.)

Xa van dez anos da morte
do nobre Conde Don Sancho.
Está frolid'a riveira
cal unha tarde de maio
Pol-os vieiros da serra
veñen palmeiros armados
i-o capitán dos xenetes
é cabaleiro cruzado.

Trai o Sol da Terra Santa
nas meixelas estampado
e trai unha ideia fixa
que ven cravando no alto.
Vais'acercando dianteiro
ben ergueito e ben montado.
(Com'as prumas da cimeira
curva o pescoz'o cabalo.)

Detens'ó pé do outeiro.
Recorda tempos pasados.
Ard'en venganza i-ordea
toque de guerra e d'asalto;
i-os peitos de cen valentes
cantan o hino cruzado...

A torre do homenaxe
erg'un estandarte branco.
Alzan cadeas á ponte;
e sán caracoleiando
deica doce cabaleiros
en son de parlamentairos.

—Non quero escoitar razós,
que, quen matou á Don Sancho,
xurei na tumba de Cristo
tornar un dia á matalo.

Ô frente dos persoeiros
ven un mozo gallardo:
ten os ollos alcendidos
i-os alentos apagados...

Alzóu a visera e dixo:
—Meu paxiño malfadado,
xa non te lembras da nena,
que choraba nun escano
cando trovabas amores
coroado d'abelairol!....
Morreu o Conde da Pena.
Pensei en ti i-en Don Sancho
E asaltei o teu castelo
conducindo ós meus vasalos.

Conquerinch'a tua casa
i-agardeite sospirando.

Desmontou o cabaleiro.
(Soio as miradas falaron.)
Deull'a mau, colleull'o estribo;
cinguiull'a centura o brazo
e xuntos foron rubindo
sigundo un vieiro branco.

(Están douradas as torres
da luz do sol-por de maio,
que vota un manto de gloria
no lombo dos namorados.)

Xa vai razón no castelo:
todos andan abrazados.

Unha muller ollerosa
aperta ó fillo agardado.

Romp'á tocar unha gaita
alá no fondo do agro;
e veñen pol-as carreiras
mozos e mozas cantando
traguedo cestos de rosas
e mangados de laranxos.

No mór altar da capela
está o ministro agardando;
i-as campañas da torre
relouquean volteando



A EIREXA DE SANTA MARÍA DE VIVEIRO

Por Luís Tobío FERNÁNDEZ.

En Viveiro había duas eirexes; a de Sant-Iago e a de Santa María do Campo, dous conventos de frades; San Francisco e Santo Domingo, e dous de freiras, o da Concepción franciscá e o de Valdefrores. No século deradeiro perdéuse Santo Domingo ó ficar valdeiro cando a esclaustración e a eirexa parroquial de Sant-Iago estaba tan desfeita que a tiveron que derrubar no ano 1840 e seguindo as lembranzas que d'ela ficaron era un fermoso templo románico de tres óusos que foi unha perda moi grande que se destinxera. Ainda hoxe lle chaman o canto de Sant-Iago ó lugar onde s'erguía e a praza Maior da vila era o adral, que ainda cando foron botalos cimentos prà estiúia de Pastor Díaz atopáronse ósos humáns.

Pol-a perda de Sant-Iago ficou senlleiro exemplar do románico na vila Santa María. Chámase Sagrada María ou Nosa Señora do Campo coido que polo adral ampro e sombrizo e verdecente que a cingue. Ten unha posición airosa, na parte cícalis máis venerabel do pobo fronteira ó convento da Concepción que á comenzaos do sec. XVII fundou D.^a María das Alas e Pumariño. D'ela ten falado o Parga Sanjurjo (1) e o Villaamil (2) da que di que «es, para mí, de todas las urbanas de Galicia de estilo románico, la más completa y la más pura» afirmazón que me paresce un moito eisaxerada.

Sobre da sua fundación non atopei ren, nin inscripción nin documento, mais pol-a

traza é seguramente da segunda medade do séc. XII.

DESCRIPCIÓN

Como todal-as da sua crás háchase ourentada. Ten o corte común basilical de tres naves, a central máis ancha (6 metros) e outra que as lateraes (3 m. de ancho), con cuberta de madeira en forma de vouta de cañón na nave do centro e que se apoia en tres colúas por banda que ó mesmo tempo arredan ás naves; estas colúas non teñen capitels porque llos tiraron fai algún tempo. Na cabeceira da nave central ábrese o ouso de pranta semicircular e vouta de cuarto de esfera avencelladá á aquela por un corpo de presbiterio que cubre unha vouta de cañón peraltado; o arco trunfal de ingreso ó presbiterio é de meio punto peraltado e seión reitangular, sosténdose, despóis dunha imposta sinxela que percorre todo o interior do ouso, en semicolúas adosadas con ábaco de serra miuda e capitel de frora rematando en volutas, e cuios fustes, recentemente e co fin de pór ali uns púlpitos, picaron dende o seu terzo superior.

No muro de cabeceira que termina nunha espadana coroada por un tau, hai un óculo de regular grandor, cerchado por unha orla de follas e duas tóricas. Por defora o ouso háchase diviso en tres lenzos por duas semicolúas adosadas, de ábacos de serra e capitels de ornamentación vexetal; no medio de cada lenzo hai unha fiestra encol da moldura que cingue o ouso á outura de 1 1/8 m. As

(1) Iglesias Gallegas, pág. 245.

(2) B R A G, n.º 31, pág. 158.

fiestras teñen duas pequenas colúas e duas arquivoltas tóricas sobre sinxela imposta e unha rachada saeteiría. Varios canicelos figurados sosteñen o aleiro.

Na banda N. en que abondan os signos masónicos, óllase a portada, no meio dous



Porta N.

contrafortes pequenos sostendo a esquina NE. da eirexa e outros tres meirandes á outra banda da porta, dos que o do medio é caxque o doble de longo dos dos lados, que son iguás. A portada consta de tres arquivoltas tóricas de meio punto, as duas interiores apoiadas en catro colúas (duas por banda) acobadadas nas xambas, previa imposta de adosas grosas isoladas. As duas colúas da dereita teñen os ábacos de serra, e de flora os toscos capités; en troques as da izquierda teñen os ábacos de doas miudiñas e apreixadas e os capités formosa e delicadamente esculpidos. N-unhas e n-outras o colariño é funicular, os fustes monolíticos (agás n-unha) e as bases, embora maltreitas, coñécese foron tóricas e con garfas no plinto. O timpano é liso e sostido por duas ménsoas, representando unha face a da dereita e un belido adorno a da izquierda. Canicelos sen

dibuxo sosteñen previa unha moldura con adoas ó tellaroz.

Na banda S., a porta que, na sua vedraña construción, daba ó adro, convirtéuse en porta de acceso á capela do Rosario máis adiante. Ista porta é do mesmo feito que a da banda N., embora un pouco más sinxela; arquivoltas tóricas, colúas con capités de flora que voltan en volutas e imposta sen ornamento, sostido o timpano liso por mochetas de adorno xeométrico.

A portada principal ten catro arquivoltas tóricas, sostidas as tres internas pol-as correspondentes colúas, e apoiada a exterior na esquina que fai a xamba, caraute iste que, como vimos, repítense nas outras duas portas e nas fiestras do óuso, constituindo círculo unha peculiaridade d'ista eirexa, xa que a arquivolta considérase como unha secuencia das colúas. Fén a imposta de adosas isoladas,



Ouso

e os capités con ornamentación de follas que rematan en volutas e forman, colariño funicular n-unhas e de adosas apreixadas ou sinxelo n-outras, fustes monolíticos, bases tóricas desfeitas e plintos de serra ou lisos. As colúas hánchase acobadadas nas xambas

e os saintes d'istas nos intercolumnios son tóricos. O timpano liso é sostido por ménsoas de dibuxo xeométrico.

Encol da portada hai un torna-chuvias con adorno de adoas grosas sostido por modilhões, i-enriba d'ela un grande óculo co-a

mesma ornamentación que o do muro de cabeceira e tapiado en parte.

Á unha e outra banda da portada principal hai duas torres, postas en data moi posterior; a da dereita, que é a do rilós, constrúeuse sobre da obra románica, mail-a das campás

lope afonso de gaymonde y aldonca: á su muger: fyzieron

Iº píraera



myl e cccc e vi anos

Inscrição sepulcral da Capela de Doce

(que é a más recente) fixoa un sobrestante que tirou a parte da obra vella, pondo entronques un adefesio que botou á perdel a eirexa.

Pol-a forma do óuso e das naves e a parquedadade da ornamentación, teñen pra mí que pode señalarse a data da construición da eirexa —como dixen denantes— na segunda medade do séc. XII.

A CAPELA DE SAN GREGORIO

No século XV erguéuse a Capela de San Gregorio engadida á eirexa de Sta. María, abrindo pra isto un anaco do muro S. na parte que forma o ángulo SL. do templo que ficou converso en porta da Capela. É oxival e modesta, de pranta cadrada e vouta de aresta formada por dous baquetóns tóricos e oxivos cunha rosina no cruce. O arco da entrada, de direitrix apuntada, arranca de

dous pares de colúas xemeas con capitels de formosa frora e representando un d'eles á un crego cun libro na mán. Os baquetóns da vouta apóianse en catro colúas (unha en cada esquina) cuios capitels son variados: un de frora, outro representando un home de pé, outro con duas ringlas de adoas e outro de fauna rara.

Na parede que dá afora ten un rosetón cerchal calado e con nervaduras tóricas, formando unha rosa de seis follas, o mesmo sinxelo e infantil dibuxo que s'adoita ollar nos xugos dos carros da nosa Terra.

Sob'o rosetón, dous arcos oxivos ábrese no muro, con molduras tóricas, cadrifolios e arquiños lobulados. Acochan dous sartegos. O da dereita ten unha estatua xacente toscamente feita. Pol-o frente da Iaxe que tapa e da d'embaixo estricase esta inscripción:

lope afonso de gaymonde y aldonca: á su muger: fyzieron

esta capilla era ————— myl e cccc e vi anos

No medio do segundo ringlón hai un escudo cuarteado, alternando duas pontes e duas

follas que poden seren de figueira ou de carballo.

No sartego da esquerda n-hai estátua; no frente hai un escudo ou cartela c'un letreiro que di:



Se cadra é o mesmo apellido Gaymonde. No oco que fica entromedias do arco e do sartego hai un grupo escultórico: a Angustia co-a Madanela e S. Xohán en madeira policromada que mesmo dá xenio ollar de belido. Ten un aire primitivo que gorenta que non sei. Semella do século XV; cícais fose doado pol-o mesmo fundador da Capela. Estrána-

me ben que o Villaamil que fala d'ista capela na sua obra «Iglesias Gallegas» non tivese parado mentes n-él que merescer merésceo, abofellas.

O capitán D. Francisco Pardo-Vaamonde e Saavedra fundou por testamento de 25 de maio de 1698 n-ista capela unha capelania con misa diaria, que os días festivos díciase ás doce e de eiqui ven o chamarile de doce a ista capela.

A SANCRISTIA

Más adiante, polos mediados do séc. XVI, déuselle à eirexa unha sancristía. Púxose ista no canto que ficaba entre o óuso e a capela dos Gaymonde. Ela é singela e cuadrangular. Sómente, enriba da estreita porta estricta, ten un escudo elegante e moi ben feito, en forma de venera con veros, águia e gallo (Celas, Pardos e Gaios?). No dintel unha inscripción di:

HIZO SE ESTASACRISTIA POR BIE
NES DE P. PARDO DE CELA SIENDO MA
YOR DOMOS ALV. DELABRADA DEL
SV SOBRINO YAOL. DELAGO ALFEIRAN AÑO 1563

Iste Pero Pardo de Cela dispuxera no testamento que deixaba por herdeira á sua muller Leonor Vizoso de Baamonde polos días da sua vida e que á morte d'ela se repartisen por cuartas partes entre a eirexa de Santa María, a de Sant Iago, o convento de San Francisco e o de Sta. María de Valdefrores, nomeando veheidores como se vendan e distribuian os ditos bens ó corredor da vila e o procurador de Sant-Iago e Santa María. A eirexa de Santa María en cabidoo tido o 4 do marzo de 1562, presidido pol o abade D. Luis Pérez e por ante o escribán Vasco Pardo de Cela elixeu procuradores e mordomos á Alvaro de Labrada de Lago e á Alonso de Lago Alfeiran, citados na inscripción.

Os procuradores de Sta. María en sembla cós das demás eirexas pregoaron a puxa dos bens que fincaran de Pero Pardo no mes de Sant-Iago. A ela asistiu Gómez Pérez das Mariñas que deu oitocentos ducados polas casas de Pero Pardo que se hachaban na

Rua da Ponte, e nas que, pouco dempois, Doña María Sarmiento tiña de fundar o Colexio-Seminario (1).

Eis que con iste diñeiro que lle tocó á Santa María fixeron a sancristía, pondo, recollecidos, na porta d'ela o escudo e inscripción devanditos.

Non é iste Pardo de Cela, benfeitor das eirexas e conventos viveirenses, o bô Mariscal asasinado polos Reises Católicos, pois alén do alonxamento da data (o Mariscal morreu a fins do 1483, segundo Villaamil) non consta que tivese unha muller chamada Leonor Vizoso; pois é de saber que dende d'aquela vén habendo en Viveiro arreos Pedro Pardos de Cela, querendo eisi perpetuar a xurdia lembranza do seu mártir e valente antergo.

(1) Vex.: *Jesús Noya González: Paseo histórico-artístico por la ciudad de Viveiro* publ. en Folio, de «El Eco de Viveiro». Viveiro, 1892.


A CAPELA DO ROSARIO

Tempo adiante, adosóuselle á capela de San Gregorio pol-a outra banda a do Rosario, feita d'un xeito probe, de mamposteiría e non tendo ren que sexa diño de menzón. N'ela refuxiouse algo do moito que había n'outrora na eirexa do convento de Santo

NÓS

Domingo cando a sua destroizón; a imaxe de Nosa Señora que Johan d'Utón trouxera de Inglaterra e doara prá capela que fundara en Sto. Domingo, onde estaba a sua soterrazón, e outras imaxens de Santos da orde dos Predadores. Na Sacristía hai un grande óleo que representa á Sto. Domingo, i-é da mesma procedenza.





NOTAS PRA UN CUESTIONARIO DE ETNOGRAFIA

EMBARCACIONES

Por XAQUÍN LOURENZO FERNÁNDEZ.

A seízón de Etnografía e Folk-lore do Seminario de Estudos Galegos prepara un Cuestionario completo de estas importantes materias, que poida servir aos esculcadouros das nosas tradicións populares e estilos de vida rural —cada día máis numerosos por sorte— de guieiro nos seus inquéritos e máis de norma provisoiar pra clasificación dos materiaes que vaian recollendo. Propónse iste Cuestionario, cuia preparación xa vai ben adiantada, oriental-as preguntas que se han faguer á xente e a precura de obxectos que han de ser recollidos e colecciónados, e ha ser un vademeco que axude a memoria e suxira as relacións entre diversas materias e temas etnográficos e folk-lóricos.

Namentras ise Cuestionario xeral non sal ao público, dada a urxencia de estas investigacións no noso tempo, en que as usanzas populares vanse trocando e as lembranzas vanse perdendo, co perigo de que desaparezan diante dos nosos ollos moitas costumes, creencia e tradicións antigas do máis oto intres sociolóxico e histórico, denantes de que a cencia poida botar man de iles pra aproveitalos nos seus estudos, a Seízón decidese a publicar unha parte de il, o capitulo dedicado ás *embarcaciones*, da autoría de Xa-

quín Lorenzo. É esta precisamente unha das partes menos estudiadas, máis virxes pra investigación, da nosa etnografía. Compre polo tanto pórse a ela aixiña, e veleiqui o motivo de darse denantes de nada o Cuestionario do Sr. Lorenzo.

Elo ten tamén outra motivación importante: non téndose case que investigado no asunto de que se trata, o Cuestionario de Xaquín Lorenzo —que o mesmo Autor sina la coma un sinxelo intento, ao tidoalo: «Notas pra un Cuestionario de Etnografía»— embora perfectamente endereitado, por man de un especialista, ten que ter por forza lagoas e fallas que cumplirá encher e correxir n-unha nova edición futura.

O desejo do Autor, polo tanto, e da Seízón de Etnografía do Seminario, é de que os leitores e investigadores que de iste Cuestionario fagan uso, se sirvan de iles indicar os defectos que n-il atopen e as modificacións que n-il, ao seu xuicio, aconselle a práctica dos inquéritos etnográficos, na seguranza de que han vir moi ben e han ser tidas moi en conta esas observacións, e de que faguéndoas han de render un positivo servizo á cencia galega.

VICENTE RISCO

CUESTIONARIO

- 1 Dibuxos e medidas da embarcación cuio estudo se vai a faguer.
- 2 Tonelaxe, desplazamento, etc. de estas embarcacións.
- 3 Diversos nomes que se dan á estas embarcacións.
- 4 Nomes das suas pezas.
- 5 Cómo se move: á remos, á vela, á vapor, etc.
- 6 Nome de cada unha das partes do seu motor.
- 7 Si é á vela, nome de cada unha de elas e seu oficio.
- 8 Dibuxos dos remos, redes, cubos, achicadores, anclas, etc.
- 9 Medidas de estas pezas.
- 10 Nomes de cada unha de estas pezas e das suas partes.
- 11 Crás de madeiras que entran na construcción de estas embarcacións.
- 12 Si estas embarcacións son feitas en astilleiros ou por pescadores.
- 13 Precio aprosimado de cada unha de estas embarcacións cos seus aparellos.
- 14 Si son feitas polos pescadores, aparellos empregados na sua construcción, cos seus nomes, usos, precios, etc., e dibuxos de cada un de iles.
- 15 Tempo empregado na construcción de unha de estas embarcacións.
- 16 Uso de cada unha das pezas e aparellos da embarcación.
- 17 Reparación dos aparellos (redes, etc.)
- 18 Utiles empregados n-estas reparacións. Nomes, medidas, dibuxos, etc., de cada un de iles.
- 19 Quén fai estas reparacións.
- 20 Averías más frecuentes que sofren os aparellos.
- 21 Número de tripulantes que leva cada unha de estas embarcacións.
- 22 Misión que desempeña cada un de iles.
- 23 Condicóns que deben reunir os que han de desempeñar certos cargos.
- 24 Edade á que adoitan comezar á tripular estas embarcacións e edade á que se retiran.
- 25 Traxes usados polos tripulantes e nomes das prendas.
- 26 Roupas de abrigo.
- 27 Custe dos traxes feitos e de encarga e diferencias entre uns e outros.
- 28 Alimentación dos tripulantes. Horas á que se fan as comidas, pratos de cada unha de elas e receta de cada un dos pratos.
- 29 Qué cousas levan de terra os tripulantes pra xantar (viño, pan, aceite, augardenete, etc.)
- 30 En qué levan os tripulantes estas cousas.
- 31 Régimen económico de estas embarcacións. Tripulación por contrata, por xornal ou á parte.
- 32 Turnos de vixilancia e pesca.
- 33 Horas a que san á pescar as embarcacións de que se trata e tempo que botan no mar.
- 34 Maniobras pra o embarque de tripulantes.
- 35 Maniobra pra o embarque de caixas, redes, etc.
- 36 Maniobras pra desatrancar e atracar.
- 37 Oracións, conxuros, etc., denantes de ir ao mar.
- 38 Costume de rezar certas oracións ao pasar por determinados sitios. Cales son istos e qué se reza n-iles.
- 39 Como se saúdan de día duas embarcacións cando se atopan: se son igoales e da mesma matrícula; se son igoales e de distinta matrícula; se son distintos e da mesma matrícula; se son do mesmo armador.
- 40 O mesmo, si se atopan de noite.
- 41 Luces de posición: onde as levan e de qué coor son. Qué crás de luces usan.
- 42 Bandeiras de sinais.
- 43 Sinais pra se comunicaren con terra cando están lonxe, de día e de noite.
- 44 Crás de pesca pra que se usan as embarcacións de que se trata.
- 45 Aparellos usados en cada unha de elas.
- 46 Sinais pra saber onde se atopa o peixe en cuia precura se vai: pol-a coor de mar, por certas aves, por outros peixes, etc.
- 47 Cómo se fai cada unha de estas pescas.
- 48 Número de homes que toma parte en cada unha das pescas e misión que cada un desempeña.

- 49 Horas a que se fai cada unha das crás de pesca e tempo empregado en cada unha de elas.
- 50 Si se din oracións ou se fan desconxuros ou algunha ceremonia denantes de co-mezal-a pesca.
- 51 Desconxuros e oracións si a pesca é ruin, ou se, pol-a contra, é boa.
- 52 Cómo se conserva o peixe á bordo i-en qué sitio.
- 53 Crás de cebo empregado pra cada peixe.
- 54 Maniobras pra desembarcar a pesca.
- 55 Quén fai iste desembarco.
- 56 Onde, cómo e á que precio se vende o producto de estas pescas.
- 57 Beneficios que pode proporcionar a pesca de un día á cada un dos tripulantes, se van á parte, ou ao patrón en caso contrario.
- 58 Botiquín de urxencia. Ausilios prestados aos pescadores en caso de accidente.
- 59 Recetas, fórmulas, esconxuros, etc., pra curar os pescadores lesionados.
- 60 Quen presta estos ausilios.
- 61 Accidentes más frecuentes.
- 62 Ausilios prestados a unha de estas embarcacións en peligro. Accidentes más frecuentes que sufren estas embarcacións.
- 63 Averías n-estas embarcacións e maneira de arrenxalas. Materiás empregados no seu arrenxo.
- 64 Se están aseguradas estas embarcacións e os seus tripulantes.
- 65 En que condicións se fan istos seguros.
- 66 Solicitud, matrícula, etc.
- 67 Albergues, alboios, alpendres, etc., pra gardar estas embarcacións.
- 68 Dibuxo, nomes, materiás, etc., de istes albergues.
- 69 A que distancia se construyen da auga.
- 70 Que condicións debe reunir o sitio de emplazamento de istos albergues.
- 71 Maneira de meter n-eles as embarcacións e maneira de sacalas.
- 72 Formas de antigas embarcacións, da crás de que trata, e particularidades que se recorden de elas.
- 73 Historia de esta crás de embarcacións dende a sua implantación e vicisitudes a que ésta déu lugar.
- 74 Documentación que se conserve en ar-

- quivos sobre a historia de estas embarcacións.
- 75 Gremios de pescadores.
- 76 Regramentos, usos e costumes de istos gremios.
- 77 A sua organización.
- 78 Beneficios que reportan aos asociados.
- 79 Se é obligatorio o asociarse.
- 80 Cuotas que pagan os asociados.
- 81 Frases e modismos especias dos tripulantes de esta crás de embarcacións.
- 82 Significación de cada unha de estas frases e ocasións en que se empregan.
- 83 Cantares e contos en que interveñan as embarcacións de que se trata.
- 84 Música de estas cancións.
- 85 Cantos especias de certas faenas.
- 86 Refráns, ditos, adivinhas, xogos de verbas, trabalíngoa, etc., en que interveñan as embarcacións de que se trata.
- 87 Os dous números anteriores, referidos a cada unha das pezas de estas embarcacións.
- 88 Creencias de istos mariñeiros referentes ás bruxas, meigas, trasno, tardo, pantasmas animais fabulosos, etc.
- 89 Peixes monstrosos.
- 90 Peixes maléficos e benéficos.
- 91 Maneira de evitar uns e de atraer o favor dos outros.
- 92 Pobos de pescadores.
- 93 Nomes dos pobos de esta crás existentes na comarca en que se estuda esta crás de embarcacións.
- 94 Plano de istos pobos.
- 95 Crás de edificios existentes n-istes pobos: eirexa concello, lonxa, etc.
- 96 Construccións de utilidade pública: fontes, puzos, fornos, etc.
- 97 Faros e outras construcións pra auxilio de embarcacións.
- 98 Peiraos, embarcaderos, astilleiros, etc., n-istes pobos.
- 99 As casas de istos pobos: planos, alzados, nomes, etc., das casas de istos pobos, e de cada unha das suas dependencias.
- 100 Materiás de construcción; maneiras de construir.
- 101 Régimen administrativo de istos pobos.
- 102 Idem económico.

- 103 Se están habitados costantemente ou por tempadas.
 104 Usos e costumes de istes pobos.
 105 Sítios que se escollen pra o seu establecimento.
 106 Condições que deben reunir istes sítios.
 107 Área xeográfica de estas embarcacións.
 108 Si estas embarcacións non se adican á pesca, senón a transportar carga, en que condicións se fan estas faenas.
 109 A que sítios levan a carga.

- 110 Natureza de ésta.
 111 Operacións de embarque e desembarque da carga.
 112 Apríquese a estas embarcacións todo aquello dito pra os pesqueiros e que aquí teñan aplicación.
 113 O mesmo, nas embarcacións adicadas ao transporte de pasaxeiros.
 114 O mesmo adicado a embarcacións que fagan outros traballos.
 115 Nome, edade, sitio de nacemento e residencia dos que informen iste cuestionario.

D A A L E M A Ñ A

V. MIUDEZAS DE BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Coido qu'esta longa riola de nomes dá máis ideia que ningunha outra cousa. Agora, imos ver algo do que un olla n'estas tendas, e do que meños adoito se vexa nas nosas vilas.

Droguería e perfumería van juntas coma na nosa terra, e son dinas de certa atención. A perfumería, ademais de ser unha arte, é unha ciencia verdadeira, e despoixas dos escritos de Huysmans e d'outros autores rares e escolleitos, ningún qu'estea enteirado, poderá dubidar de qu'é tamén unha sabencia, unha *sophis*. Coma bela arte, ningún espírito afinado a debe discutir. Certo que hoxe, a química tena feito degenerar moito, e que case todo o qu'equí se vende é produto industrial e de pouca categoría; mais o certo é qu'equí consérvanse unha chea de tipos antigos qu'antre nós apenas se ven. Efeitivamente, na cristaleira d'unha das nosas perfumerías, fora dos frascos da perfumería francesa (Coty, Houbigan, etc.) e dos productos de tocador pra cura da cutis ou do cabelo (Vasconcel, etc.) qu'anque veñan anunciados na coarta llana de todolos giornais, son, pol o menos gracia ao moito que levan por iles a parte fina da nosa perfume-

ria, o demais redúcese á difrentes marcas d'auga de Colonia, e gracias.

Eiqui non; crar'está que hai infinitas sortes d'auga de Colonia (*Kolnches Wasser*), do pais, francesa e rusa, ou que pol-o menos trai letreiros en ruso, no fermoso alfabeto cirilián; pero á máis d'iso, hai outras moitas cousas de antiga e moderna tradición: por exemplo, a inglesa e miragreira auga de Lavanda (*Lavender Wasser*) e a y-aug i froridá, que lembran a y auga d'herbas deixadas á serenar no orballo sagro da noite de San Johan; auga de laranja e outras que ofrecen un cheiro caseño e familiar; a misteriosa Auga de Portugal, etc. De todas elas hai grande varianza. Logo, o vinagre de tocador, tamén de tradición británica: a marca francesa Anthéa, que non falla en ningures, e frabicaciós alemás, de apricación singelamente aromática ou tamén cosmética ou mancifieira, pra despois de se rasurar, pra o baño, etc. Venen despoxos os alcoholes; logo os astringentes especiais, de fórmula non declarada, e ainda os produtos especiais: locios de determinada materia ou siñaladas d'un número, leites, cremas, pastas, polvos, potingues pra fricción ou massage, etc., etc.

O mal gusto moderno introducío certas composiciós aceitosas qu'empregadas despois dos baños de sol, danlle lustre á pelexa com'outros llo dan ás botinas. Eu non sei qu'engado poden ter as mulleres pringosas, co-a pel queimada coor de centola cocida. Pra disculpalas, non podo facer máis que me lembrar das zíngaras, que tamén untan o corpo d'aceite, despoixas de lavárense. Crar'está qu'outras conservan a coor da pel despois dos baños de sol con locios de vinagre.

Outro capídeo forman as cousas pr'o cabelo, con predominanza do Rhum quina, fórmula de creto ben antigo, qu'agora tamén volveu parecer nas nosas drogueras; mais hai outros moitos preparados de moitismas castes.

Outro ainda, as cousas pr'o bico e os dentes: augas (*Mund Wosser*) pastas, polvos, etc. É un mundo.

E logo a dilatada sezón de pinturas e composiciós, eiqui ao que semella, d'escasa usanza. En realidade, cando se trata de produtos de tocador, e por riba de todo de tratamentos especiais e de segredos de beleza, onda quen hai qu'ir é ond'un *Friseur* (barbeiro-peluqueiro). Iste, millor ainda qu'os médicos dermatólogos (*Arzte für Haut*), son os que estudan e praitican a difficile cencia qu'outrora praiticaban vellas sabias e feitiçeiras, com'unha sorte de ramo menor das concias ocultas, e que tantas veces empregaba as receitas noxentas, más eficaces da farmacia merdenta (*Dreckapotheke*). Por exemplo, está demostrado pol'a esperencia qu'o lavarse con mexos é d'efecto moito más seguro, pr'a sanidade e fermosura e finura da cutis, que todolos ríctipes da botica juntas.

Os perfumes puros non son case todos franceses, e das mesmas marcas qu'adoitamos ver na nosa terra.

Fica a sezón d'enjabós. Mais esta non so le pertencer á droguería geral, nen á perfumería propriamente tal, senón más ben á tendas de especialidades, qu'o mesmo venden enjabón pra os pisos e pr'a roupa, que pr'a cutis sonrosada das raparigas loiras. Unha ouservación: están reputados com'os melhores enjabós, os hespañois.

Outra cousa dina d'estudo, son as tendas de cousas de comer, das que hai moitos tipos: queixos e manteiga van asociados con outras moitas cousas das nosas tendas d'Ultrimariños (*Colonialwaren*). Os Gebruder Groh teñen tendas d'estas repartidas por todo Berlin. Unha d'elas está en Mommisenstr, esquina a Wilmesdorferstr, e ali ibame eu facef con queixo e manteiga. Estaban vendendo unhas mulleres outas, loiras, gordas, coloradas. Tifan que ser asina, porqu'inda que non comeran, á poder d'andaren co-as mans en tanta cousa suculenta, manterianse por endósmosis. Na cristaleira de Wilmesdorferstr, había unha verdadeira exposición de queixos germánicos: de Holanda, de Suiza, de bola, de Gruyère, de Rochefort, de Limburg, d'Emmental, etc., etc., isto tocante aos queixos curados. Lembro ben o rico Holanda, o sabroso Emmental, o Limburg co seu cheiro á pés, craso, manteigoso, mol, irritante, que deixa por moi tempo o seu sabor persistente e que proe, na lingoa e nos beizos. Mais tamén, eiqui e más nas leiteiras, venden queixo fresco, e requeixón cortado en anacos prismáticos coma biscoitos de Monforte, salgado ou sen salgar. O queixo curado cómese eiqui entre duas cortadas de miolo de pan centeo untadas de manteiga, e di moi ben. Vendan ali tamén óvos frescos, que moitos señores van mercar, porqu'en Berlin é costume comeles pasados na cea fria. Hai tamén moita lata de conservas de toda caste. Lembrome a ledicia que nos daba, ollando as cristaleiras, atopar latas de sardiñas galegas; abondan más as portuguesas e as francesas.

Artigo que se vende moiito son os chourizos e morcillas (*Würsten*). A morcilla alemaña imitase más a de Castela que non a nosa. Carregada d'especies e cheirumes, confícese qu'a carne d'istes porcos, com'acontez co-a dos porquinhos castelás, non debe ser tan sustanciosa com'a dos nosos, cando precisa tanto adobo.

O pan vai moitas veces asociado dos dulces: *Bäckerei-Conditorei*. Hai pan centeo en barras grosas e pesadas, dourado brillante por afora, con cortadas diagonais, e apelmatado por adentro. Haino trigo, d'un feitio semellante, e mal cocido pra que pese más.

E hai os *Brötchen*, panchinhos, todos iles moi ricos e ben cocidos. Isteñ teñen feitos moi diversos: hainos en figura d'améndoas, con dous picos nos cabos; hainos —feito moi engebre— en figura de meia lua; hainos fusiformes; hainos en figura de lengoreta; hainos —tamén engebres, anqu'outros danos coma causa dos judeus— da figura cuio deseño s'acompanha. Às veces, istes panchinhos están amasados con cominos, ou con anís, ou c-outras herbas, ou levan por afora pedriñas de sal apegadas.

Os dulces son de trescentos mil feitos e composiciós. Os alemás, que son d'unha lamberia desfeita, pírranse por iles. Abordan os de biscoito almibarado por afora e combinado con mermelada ou confitura de froita, e con hema e zucré. Moitas veces levan por afora unha sorte de crema esponjosa feita co a tona do leite batida, que chaman *Sahne* e que é a delicia dos alemás; bótanlla á todo e con todo iles ven ben.

Hai tendas especialmente adicadas á viños e licores. Estas apresentan na cristaleira unha botilleiria formidábele, com'unha ametralladora. Hai frascos que semellan talmente de botica. Moita variedade de viño do Rhin, de Franconia, d'Italia, de Francia. D'Hespaña, o más abondoso é o Tarragona. Eu foi a primeira vez na miña vida qu'ouvin falar de tal viño com'unha causa que se bebera fora do seu país d'orige; e más, semella qu'os alemás pensan qu'eiquí todos nós bebemos Tarragona á cotío, e eu nono probei nen eiquí. O Tarragona anda nas cantigas alemás que falan da Hespaña. Non querro falar dos licores, porqu'eiquí hai frascos rarísimos cheos d'estranas quinta esencias alcohólicas que poñen medo. Toda a produción do mundo n'iste género, auténtica ou imitada polos químistas alemás con quén sabe que hidrocarburos, aminas, amidas e diaños, atópase en calquera tenda d'estas.

As tabacarías non son, crar'está, tan elegantes, nem moi menos, com'as portuguesas. Pra ver tabacarías e tomar café, compre ir á Portugal. Non embargante, son das tendas más lindas e interesantes. Hai n-elas unha infinidade de marcas de charutos habanos, seudo-habanos, de Virginia e d'outros lados, predominando cecais os brasileiros e africa-

nos. Hai tabaco pra cachimba —vénense cachimbas tamén nas tabacarías— e pitos. Os más d'estes son de tabaco rubio; hai moitas castas, moito Abdulla, Murati. Eu afixenme aixiña ao tabaco austriaco da *Österreichische Tabac Regie*, que ten varios tipos, os más usados, *Memphis*, con caixa verde, e *Dritte Sorte*, con caixa marela. Caixas de vinte pitos d'1'25 marcos. Hainas de dez pitos que tran unha fia de mistos de cartón que s'alcenden ao turrar por iles. As caixas de mistos, todos de pau, regalanas cand'un merca tabaco. O *Memphis* é menos seco qu'o *Oritte Sorte*, non ten o sabor do *Muratti*, nem do *Capstan*, com'o *Abdulla*. Hai tabacarías especializadas en marcas de nome latino e hespañolizante: *Hanartilla*, *Manolo*.

Algunhas das anunciadas na riola que vai enriba, son estabrecimentos de lavar e planchar roupa branca (*Wäscherei Plättetrei*) ou de coor. As duas cousas van juntas e non independentes. Pra non trocaren as prendas, non sei coma demo iles cosen uns numeríños, qu'enantes s'acaba a peza de roupa, que se lle poidan despois arrincar. Cando nas operaciós de lavage mecánica —que debe estar feita d'acordo co-as tendas de branco— iles cai algún botón, póñenlle no canto outro de cartón coberto de tea moi chistoso. Logo dóblano todo moi ben dobradiño, con grande luxo d'allinetes e poleas de folla de lata, e ala.

O más lindo dos rótulos citados é o que diz: *Hemden Klinik*, clínica das camisas, porqu'ali fan n-elas *Reparaturen*. Non se lle pode precurar nome más centíficamente prestigioso pra a arte de lle botar un mendo á unha camisa. Ben é certo que n-outro lado vin tamén: *Schuhe Sanatorium* sanatorio dos zapatos, na porta d'un remendón. É que o humorismo dos alemás é moito más fondo do que se pensa. Ainda o expresionismo...

Pol-o derradeiro, non esquezades ises dous anuncios: un d'unha escola de baile de conjunto (*Balletschule*) e outro no que s'ofrez un detective.

(continuará)

PRÉGASE á quen, non colecionando o NÓS, teña un exemplar do número 100 d'ista revista, o envie á ista ADEMINISTRACIÓN.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

VIDA UNIVERSITARIA

ALVARO DE LAS CASAS
no Paraninfo.

ORGAÍZADA pol-a A. P. E. F. L. tivo lugar o dia 9 do corrente mes, a conferencia encomendada ó noso colaborador, Director do Instituto de Noia, sobre de «O momento universitario». Comenzou definindo o seu xeito de ollar, o que era unha Universidade: guieiro capaz de estroiturar a cultura dun pobo, de capacítalo pra unha empresa civilizadora, de erguelo na sua concencia nacional. Eis Bolonia, Praga, Montpellier...

A nosa Universidade está en crisis — son verbas do orador — compre restaurala por enteiro e insuflarlle espírito. Ocupase da renacencia das mocedades universitarias nas principais nacións do mundo. Invita á nosa á se incorporar á iste movemento, abrindo camiños novos no campo da cultura. Os estudiantes ó frente do movemento nacionalista galego. Traballar pra que Galicia volte á ter unha categoría, volte á entrar en diálogo con todal-as culturas, volte á ser eficaz colaboradora na ardua tarefa de facer un mundo venturoso e feliz. Veleiquí as ideas da magnífica conferencia, que tiveron coma colofón o

asentimento de moitedume de estudiantes que enchían o Paraninfo da Universidade.

UN MANIFESTO DOS UNIVERSITARIOS GALEGOS

Un grupo de estudiantes das distintas Facultades universitarias, ten lanzado un substancial manifesto, refresco do seu pensar con relación á temás de actualidade, no que se analiza axeitadamente e con gran acopio de dotriña, a sua maneira de ollar as cuestións universitarias.

O manifesto abrangue todolos matices do sentimento escolar n'aquél respeito, que concreta nos seguintes subtidoos: «O noso galleguismo fundamento da nosa posición», «O que debe ser a nosa Universidade», «O problema da fala», «Medios pra conquerir as nosas arelas», «Puntos concretos das nosas aspiracións»: 1. Autonomía de Galicia.—2. Independencia universitaria con relación á Madrid.—3. Federación Universitaria única e galega.—4. Igualdade de Dereitos pra o galego con relación ó castelán.—5. Estabreamento de cátedras permanentes de cultura galega.

L I B R O S

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Publicaciones del Instituto de Estudios Portugueses. Antero de Quental. Sonetos escogidos.—Santiago, 1933.

Os asistentes ás conferencias do Instituto de Estudios Portugueses que funciona na nosa Universidade, non deben estar faltos de coñecimentos encol de Antero de Quental. Segundo creio, os tres profesores de literatura que teñen visitado Compostela pra utilizar a cadeira do Instituto de Estudios Portugueses, falaron do grande poeta, Hernani Cidade, na súa ollada xeral encol da literatura portuguesa. Remataba eu, por aqueles días, a carreira de Dereito, e os trafegos finais me impidiron escoitar as verbas que o brillante profesor radicou ao desventurado poeta. O curso pasado, o fino, o sensitivo, o intelectual Joaquim de Carvalho, revelóume, compreto, ao autor das «Odes modernas». Afirmanme que Fidelino de Figueiredo, este

curso, ocupouse de Antero tamén. Eu, lonxano xa — e saudoso — de Compostela, non puden escoitalo.

Agora, o Instituto de Estudios Portugueses publica unha escolma de sonetos do excelente e atormentado escritor, o triste filósofo e acedo poeta de quen dixo Eça de Queiroz «um gento que era um santo». Simto que non figure no folleto aquel soneto, incluído primeiramente nas «Primaveras românticas», que escomenza «Eu ben sei que te chamam pequenina», tan cheio de gracia terneza.

«Os Sonetos» é a obra máis lograda de Antero de Quental. As «Primaveras românticas» e as «Odes modernas», malia a intención trascendente de esta derradeira colección, carecen hoxe de importancia artística.

Esta edición compostelá dos sonetos ven á encher, modestamente, un oco; pois en Galicia apenas se coñece á Antero de Quental. O poeta móstrase como un vencido da vida. A vida sempre é nemiga do home, i-éste ten que loitar con ela. Algúns a domeñan;

outros non poden logralo. Aos derradeiros perteceu Antero. Eisi, é un poeta escéptico, desconfiado, desencantado e desesperado, cunha desesperación, ás vegadas, tan fremosa, tan elocuente e tan emocionante como en «*Despondency*» (soneto sete da escolma). Mais non é esta a súa posición constante. Como todo o que non consiguiu fincar os pés no corpo vencido do dragón da vida, Antero é vacilante e dubidoso. É, por ventura, «*feito valente na escola da tortura repetida*», ergue a súa fronte, como un heroi, serio e confiado (soneto 27). Xeralmente, é un terrible volterian; pero, de cando en cando, siente a soildade no corazón; e as linsas líricas do seu espírito durmén n'un relanzo de paz, como nos dous freamos sonetos «A Virgem Santíssima» (21) e «Na mao de Deus» (28). Pero n-eles hai pouco de relixioso, en realidade. Son frases místicas do loitador acérrimo, que, canso de negar e de tremer, vanse deitar no colo, sempre quente, das doces crenzas ínxeas que encheron de recendo a súa infancia.

Cicais por efecto da súa cultura e os seus viaxes, os sonetos de Antero posén unha lanzalía, unha elegancia, unha lixeireza interior, que está ausente dos versos dos poetas casteláns contemporáneos seus. Son frecuentes nos sonetos de Antero pensamentos cheos de beleza e de grandeza, e grandes acertos de adxetivación. E as ideas se expresan cunha modernidade que por entón era descoñecida en España.

Este mesmo adianto adevertímolos con relación á métrica. Na escolma hai un soneto (8) en versos alexandrinos. De aquela, esto era insólito en España. Dende os tempos do Canciller Pero López de Ayala, o emprego do verso alexandrino era excepcionalísimo e apenas se podían citar máis nomes que os de Gaspar Gil Polo e Iriarte antre os de cultivadores ocasionais do ritmo de catorce sílabas, anteriores á Zorrilla, que o usaba con frecuencia. En canto á sonetos alexandrinos anteriores á época á que me estou referindo, non lembro ter leído máis que un: creio que de Pedro de Espinosa, o colleitador das «*Flores de poetas ilustres*». Logo, Rubén Darío e os seus discípulos inundáronos de eles.

Tamén son notables, en comparanza co que ocorría en España, as ritmas dos tercetos en Antero. Apenas coñezo sonetos españoles anteriores á Darío, cuios tercetos non riman ABC-BAC ou ABA-BAB. Constituyen excepción os do cabaleiro renacentista don Diego Hurtado de Mendoza, que rima moi variadamente. Pero non prosperó este criterio, e ate que sobrevén o modernismo, non se ritman os tercetos más que das duas maneras indicadas ou ABC-BAC e ABC-BCA,

NÓS

fórmula a derradeira, de sonoridade pouco eficaz ao ouvido. Pois Antero usa, ademais das correntes, as formas de rima ABB-ACC, ABA-CBC, AAB-CCB.

Frecuentemente, tamén arrédase dos seus contemporáneos casteláns en que non fuxa a asonancia dos versos do soneto que non son consonantes entre si. En portugués, onde existe a asonancia como xeito de rimar, ésto non é plausible. Só se esprica nas línguas en que non se usan os versos asonantados, porque nelas o ouvido non sabe de asonancias, e, polo tanto, non percibe o defeito. Esto non o lembraba Unamuno cando dixo que a aludida prescripción técnica «*no pasa de ser, como tantas otras de nuestra ridícula preceptiva literaria, una dificultad convencional ideada para encubrir con el artificio vencimiento de ella la vacuidad del fondo poético.*» (Poesías. Madrid, 1907. Páx. 336).

R. C. C.

AMADÉU Serch, acaso o colaborador máis eficaz de Batista i Roca (eixe do movemento das xuventudes catalanistas), remata de publicar un intresantísimo librito *L'exemple de Txecoslovagia*, que fai o número oitenta e catro da colección Barcino.

Estudo rápido, certeiro, aleacionador da nova república, coñecida en abundante bibliografía e vista de geito na expedición de «Palestra» cando asistiu ao IX campamento de Sòkols. Nova edición d'aqueles belos artigos publicados na *Publicitat* no vran dradeiro.

Un pouco de xeografía, un pouco de histórea, a ollada crara da loita arredista que co-a vitoria conqueri o novo estado, e o estudo —détido, repousado, crarísimo— do que supón a formidábel organización dos sòkols.

A obra de Serch é de por si un notable documento que por forza ten de sere estudiado por cantos queirán conocer Xecoslovagia, é unha tinta máis pra o cache da grande Europa que se está á facer; mais con todo, seu intres maior, fica en sere un guieiro pra os mozos que, no vello estado noso, puxan por liberar ás antigas terras. Pra Cataluña (*Palestra*) o libro é un anaco de crónica; pra Galiza (*Ultreya*) ten xeito de sere un libro de profecías. Cismen en col d'este librito de Amadeu Serch os mozos rapaces que por ele vai o derroteiro do noso millor periplo.

A. C.



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de maña.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO**



O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁS DURA QUOS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE OURENSE

Sanatorio Quijúrixico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRAVADO

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posíbres, convenlle envialos aos
Talleres de fotografiado **ESPASA-CALPE S. A.**

Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO